

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

Urbanismo e Patrimonio

INSTRUCCIÓN NÚMERO 2/2022 RELATIVA Ó CALENDARIO PARA A PRESENTACIÓN DO INFORME DE AVALIACIÓN DE EDIFICACIÓNS DE USO RESIDENCIAL COLECTIVO. EXPTE. 10895/428

ANUNCIO

INSTRUCCIÓN NÚMERO 2/2022 RELATIVA Ó CALENDARIO PARA A PRESENTACIÓN DO INFORME DE AVALIACIÓN DE EDIFICACIÓNS DE USO RESIDENCIAL COLECTIVO. EXPTE. 10895/428.

O Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 31/05/2022, acordou:

“PRIMEIRO.- Os edificios de uso residencial colectivo que non presentaron o informe de avaliación e que, na entrada en vigor do Decreto 61/2021, de 8 de abril polo que se regula o informe de avaliación de edificios, contén cunha antigüidade de máis de 50 anos, dispoñen ata o 20 de maio de 2024 para presentar o IAE.

As edificacións construídas a partir de 1973 deberán presentar o IAE no prazo máximo dun ano desde que o edificio alcance os 50 anos.

Respecto á vixencia e efectos dos informes de avaliación e das inspeccións técnicas de edificios elaborados de conformidade coas anteriores normativas, estarase ao sinalado nas disposicións transitorias segunda e terceira do Decreto 61/2021, de 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro galego de informes de avaliación de edificios.

SEGUNDO.- Dar conta ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo da presente instrución con anterioridade a súa publicación no Boletín Oficial de Pontevedra, no Taboleiro de anuncios da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo e na Sede Electrónica municipal de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 40/2015.”

cggv/

En Vigo, na data da sinatura electrónica

A Vicepresidenta da XMU

(Resolución do 11.07.2019)

Asdo. María José Caride Estévez

